



Consideracións

A área funcional de Santiago caracterízase por estar formada por comarcas moi diferentes entre si, presentando **realidades socioeconómicas moi heteroxéneas**. Ademais da particularidade de Santiago de Compostela, e ao igual que acontece no conxunto de Galicia, existen disparidades entre as comarcas e municipios costeiros e os do interior.

Demografía e territorio

Os indicadores demográficos reflicten unha importante **concentración** da poboación nas comarcas de Santiago e Barbanza, que en conxunto acollen a seis de cada dez habitantes da área funcional, e sobre todo no concello de Santiago de Compostela, onde reside case a cuarta parte da poboación da área.

Neste senso, cómpre salientar o elevado dinamismo da comarca de Santiago, que no período 1998-2005 experimentou unha medra da súa poboación do 7,3% (0,6% no conxunto da área funcional), case seis puntos superior á media galega e cinco puntos porcentuais e medio por riba do crecemento experimentado na provincia de A Coruña.

As elevadas taxas de incremento da poboación en concellos como Ames, Oroso ou Teo, poden ser, en gran parte explicadas, polo forte auxe do prezo da vivenda no concello de Santiago, o que, unido á mellora das comunicacións e á proximidade xeográfica á capital galega, favorece o asentamento de poboación nos citados concellos.

Os efectos do ata agora sinalado maniféstanse na elevada importancia que para o conxunto da área funcional teñen os movementos de inmigración e emigración interior con orixe e destino na mesma provincia, especialmente para a comarca de Santiago (concellos de Santiago e Ames), á que corresponden máis do 56% e 47% dos devanditos movementos no conxunto da área, respectivamente.

Realidade económica e social

No devandito contexto de heteroxeneidade existente, e no que aos indicadores demográficos se refire, as comarcas de Santiago e Barbanza presentan datos alentadores en canto á evolución dos índi-

ces de vellez e infancia. As dúas comarcas presentan un índice de vellez inferior á media provincial e galega, e un índice de infancia superior. Na comarca de Santiago, o índice de vellez é inferior á media estatal, mentres que no caso do índice de infancia, este é inferior á media española nas dúas comarcas.

A área funcional de Santiago presenta unha renda familiar bruta dispoñible por habitante (RFBD/hab.) e un valor engadido bruto per cápita (VEB/hab.) inferiores aos valores medios rexistrados no conxunto da provincia de A Coruña, Galicia e no total estatal. O VEB/hab. é aproximadamente un 10% inferior á media da provincia de A Coruña e un 4,5% inferior á media galega, sendo estas porcentaxes de 1,2% e 1,5%, respectivamente, no caso da RFBD per cápita.

Os índices de participación territorial amosan a especialización da área no sector turístico. Mentres que o seu índice poboacional representa o 34,1% do rexistrado na provincia de A Coruña, o índice turístico supón o 45,4%. Por contra, o índice industrial é tan só do 26,1% e o índice de actividade económica é do 29,1%.

Loxicamente, o concello de Santiago de Compostela é o que presenta os maiores valores nos diferentes índices. Mentres que o índice poboacional representa case a cuarta parte do valor da área funcional e o índice de actividade económica o 40%, o índice turístico do concello, cun valor de 1.537 unidades, supón o 72,6% do valor correspondente ao conxunto da área. Comparado cos valores rexistrados no conxunto de Galicia, a participación territorial deste concello é do 3,4% e do 5,0% no caso da poboación e da actividade económica, mentres que o índice turístico é o 15,4% do valor total galego.

Cómpre salientar a escasa relevancia do índice turístico en concellos costeiros coma Noia, Muros, Ribeira, Rianxo, Boiro ou Pobra do Caramiñal, que acada en tódolos casos valores menores a 100 unidades, moi inferiores aos rexistrados en municipios turísticos da provincia de Pontevedra coma Sanxenxo ou O Grove, que obteñen valores superiores a 500 e 400 unidades respectivamente.

Se se comparan os índices de participación territorial correspondentes á poboación e á actividade económica, a diferenza do acontecido no conxunto da área funcional, cinco concellos presentan un índice de actividade económica superior ao de poboación: Santiago de Compostela e Boqueixón, na comarca de Santiago, Padrón en O Sar, e Cerceda¹ e Frades, na comarca de Ordes.

Finalmente, a análise dos datos máis representativos da área comercial de Santiago mostra como un total de 338.996 persoas realizan directamente as súas compras na cabeceira da área comercial, que se corresponde co concello de Santiago de Compostela.

Do estudo da capacidade de consumo e do mercado potencial do concello de Santiago dedúcese que, dada a poboación e gasto medio por habitante, o volume do mercado potencial de Santiago é de 462 millóns de euros, dos que 295 millóns de euros corresponden ao mercado potencial local e os restantes 167 millóns de euros, ao mercado potencial do resto da área comercial e do turismo.

Emprego

A área funcional de Santiago presenta unhas taxas de actividade e ocupación superiores ás rexistradas na provincia de A Coruña e no conxunto de Galicia e unha taxa de desemprego inferior. Coma principal limitación á hora de analizar a situación do mercado de traballo nas diferentes comarcas gale-

¹ O elevado índice de actividade existente no concello de Cerceda está motivado pola localización no citado concello de Meirama, empresa da que non se reflicten datos por non ter rexistro mercantil en Galicia.

gas, cómpre salientar a falta de estatísticas actualizadas, xa que a principal fonte de información, o Censo de poboación e vivendas, é do ano 2001.

A análise, dende o punto de vista do emprego, do tecido empresarial da área funcional comparado co conxunto de Galicia, reflicte a elevada importancia relativa dos sectores agrícola e construción na área funcional, e o menor peso relativo do sector servizos. Asemade a ocupación no sector industrial presenta na área funcional un peso porcentual lixeiramente inferior ao existente no conxunto da economía galega.

Dada a localización dunha boa parte da Administración Pública e da Universidade no concello de Santiago, e tendo en conta a repercusión do ano Xacobeo, a ocupación nas actividades do sector servizos supón na comarca de Santiago o 73,3% da ocupación total (55,2% na área funcional e 57,9% en Galicia). A educación acolle ao 11,3% de persoas ocupadas na comarca (5,8% en Galicia), a Administración pública e as actividades sanitarias e veterinarias, máis do 9% (7,4% e 5,6%, en Galicia, respectivamente) e a hostalería, o 6,4% da ocupación desa comarca (5,6% en Galicia).

Sectores produtivos

Da análise do tecido empresarial da área funcional de Santiago conclúense, como característica básica, o seu carácter minifundista, así, ao igual que acontece no conxunto de Galicia, na área funcional de Santiago seis de cada dez empresas teñen dous ou menos asalariados e case oito de cada dez están compostas por cinco ou menos asalariados.

En conxunto, a importancia porcentual en relación ao conxunto de Galicia, da riqueza ou VEB xerado polas empresas con sede social nas dez comarcas analizadas, así como o seu volume de negocio, é inferior ao peso que a poboación e o número de empresas teñen no conxunto da Comunidade; neste senso, mentres que a poboación empadroada nestas comarcas representa o 14% da poboación galega e o número de empresas o 13% do total de empresas localizadas en Galicia, a creación de riqueza e os ingresos de explotación supoñen case o 10% do total galego.

A área funcional caracterízase por un maior peso, tanto en termos absolutos coma relativos, do sector primario e industrial en relación á súa importancia na provincia e en Galicia, sen esquecer o importante peso do sector da construción. Deste xeito, en termos do VEB xerado polas empresas dos diferentes sectores, o da construción e obras públicas é o preponderante, acadando o 29,9% do total da área analizada, seguido dos sectores industrial e primario, que acaparan o 27,9% e o 26,0%, respectivamente. O sector servizos sitúase no 16,2%.

A comarca de Santiago xera o 5,5% do VEB das empresas de referencia analizadas por Ardán e o 5,7% dos ingresos de explotación, o que a sitúan coma a terceira comarca máis importante en canto ás dúas variables consideradas. Asemade, cómpre salientar que entre as quince primeiras comarcas galegas atópase Barbanza, que acolle o 1,7% do VEB e o 2,0% do volume total de negocio, en tanto que Ordes ocuparía a décimo cuarta posición en canto ao nivel de riqueza (1% do VEB total galego) e a décimo sexta no caso dos ingresos de explotación (0,9%).

A estrutura empresarial da comarca de Santiago indica que a actividade produtiva máis importante en termos de xeración de riqueza é a de “fabricación de taboleiros de madeira (aglomerados)”, onde unha soa empresa, FINSA, xera o 10,4% do valor engadido bruto da comarca. Séguenlle en importancia as de “promotores de obras” e “produción de servizos eléctricos”, co 8,0% e 5,4%, respectivamente. O 6,0% das empresas consideradas no estudio de Ardán inclúense nalgunha destas tres actividades, representando o VEB total o 23,8%.

Asemade, dada a capitalidade de Santiago de Compostela, e polo tanto o emprazamento dos ser-

vizos centrais e organismos autónomos da Administración autonómica, e o impacto do Xacobeo e o Camiño de Santiago, cómpre salientar o elevado peso relativo do sector servizos. Este acolle en torno ao 40% do volume de negocio das empresas consideradas por Ardán.

A industria conserveira é a máis importante na comarca de Barbanza en canto a xeración de riqueza, ao acoller o 36,1% do valor engadido bruto xerado nesta comarca. Séguenlle en importancia outras dúas actividades relacionadas directa ou indirectamente co mar, a de “maioristas de peixes e mariscos” e a de “extracción pesqueira”, co 8% e 7,3%, respectivamente. En conxunto, estas tres ramas de actividade xeran máis da metade do VEB da comarca e acollen a unha de cada catro empresas.

A importancia do complexo mar industria nesta comarca reflíctese tamén no feito de que a lonxa de Ribeira, tras a de Vigo, é a máis importante en canto a descarga de pesca fresca, acollendo en 2005 o 18,2% do total galego. En termos de importe, esta lonxa sitúase coma a quinta máis importante de Galicia, co 7,5% do valor total en primeira venda. Comparado co ano anterior, a produción total medrou un 13% e o seu valor, un 6,6%.

En Ordes, dada a presenza da planta de Sogama nesta comarca, o sector máis importante é o de “recollida e tratamento de lixo”, que acolle o 17,3% do VEB xerado. As outras dúas actividades que salientan polo seu valor engadido bruto xerado son as de contratistas xerais e contratistas especializados diversos, que aportan case un 9% da riqueza xerada na comarca. En conxunto, o 12,5% das empresas xeran máis dun terzo do VEB da comarca.

No que atinxe ás restantes comarcas, cómpre salientar, por mor da ubicación de Feiraco no concello de Negreira, a importancia do complexo agro-gandeiro en A Barcala, que acolle o 70% do volume de negocio das empresas analizadas nesta comarca. Ademais, na comarca de O Sar, a facturación das empresas pertencentes á “industria de produción e primeira transformación de aluminio” representa o 35% da facturación total da comarca. A actividade acuícola concéntrase na súa práctica totalidade na comarca de Muros, e máis concretamente, no concello de Carnota.

Finalmente en relación ao sector primario, e, en concreto, ao subsector gandeiro, a porcentaxe de explotacións de gando bovino perdidas no conxunto da área funcional no período 1991-2003 é moi superior á porcentaxe de perda de poboación no mesmo período. Salienta a comarca de Muros, onde a redución de explotacións no sinalado período foi do 167,2%, ou a comarca de Santiago, onde a perda en valores absolutos foi de 2.140 explotacións no ano 2003 en relación ás existentes no ano 1991.

Panorama social

Na área funcional de Santiago, tal como se sinala no *Censo de poboación e vivendas 2001*, o réxime de tenza de vivendas máis estendido é o de propiedade: o 75,5% das vivendas da área funcional son en propiedade e o 14,5% delas (12.610 vivendas) teñen pagos pendentes. Esta situación é especialmente notoria na comarca de Santiago, onde o 27% das vivendas en propiedade teñen pagos pendentes.

O CES entende necesario destacar que a estrutura da propiedade da vivenda na área funcional e o progresivo empeoramento nas posibilidades de acceso á mesma provocan un crecente endebedamento das familias.

No que se refire ao ámbito da educación, na área funcional de Santiago danse taxas de analfabetismo dispares nas dez comarcas que a compoñen. Comarcas como Muros, Santiago, O Sar ou Barbanza teñen taxas de analfabetismo inferiores ou similares ás da provincia de A Coruña e do conxunto de Galicia, que son do 2 e do 2,1%, respectivamente, mentres que comarcas como Xallas ou Ordes presentan taxas de analfabetismo que ascenden ao 5,8% e 4,8%, respectivamente.

No que respecta á formación ocupacional e, en concreto, a necesidade de axustar as ofertas ás demandas de emprego, o informe comarcal do mercado laboral para as dez comarcas da área funcional de Santiago mostra a falta de adecuación dos niveis formativos dos ofertantes de traballo ás necesidades do mercado laboral. Na comarca de Santiago, a máis importante en canto a número de ofertas no Servizo Público de Emprego, non existen coincidencias entre as dez ocupacións máis ofertadas e as dez máis contratadas.

No que afecta á sanidade, é importante incidir na necesidade de reduci-las listas de espera que, no que se refire á hospitalización cirúrxica, superaban, no ano 2005, os 80 días de espera media tanto no CHUS coma na F.P Hospital do Barbanza. No que atinxe á espera media para consultas externas, esta era de 72 días no CHUS e de 104 días na F.P Hospital do Barbanza.

En relación á asistencia a maiores e menores na área funcional, é necesario, en primeiro lugar, salientar o reducido índice de cobertura (prazas residenciais/maiores de 65 anos) existente tanto en Galicia como no conxunto da área funcional, índices que acadan o 1,98 e 2,2 respectivamente, o que contrasta co índice medio de cobertura español, que no ano 2005 se situou no 3,86.

En segundo lugar, no que atinxe ao índice de cobertura de menores de tres anos con prazas de garderías, no conxunto da área funcional existen 21 prazas de gardería por cada 100 menores de 3 anos, das que 13 son públicas ou de iniciativa social.

A vista dos datos de prazas residencias para maiores de 65 anos, así como de prazas de garderías existentes na área funcional para menores de 3 anos, cómpre manifestar a necesidade de ampliar as prazas destinadas a cubrir estas necesidades sociais, ata acadar, ao menos, os índices de cobertura estatais.

Desenvolvemento territorial

Os datos presentados, de xeito xeral, no capítulo de infraestruturas desde informe mostran a necesidade de realizar na área funcional de Santiago unha serie de actuacións cara a súa integración territorial, e que sirvan de base ao seu desenvolvemento económico e social.

A pesar de que a escasa produción estatística neste campo, así como a pobre aportación de datos por parte das institucións implicadas, non permite unha análise pormenorizada das carencias de infraestruturas na zona, é notoria a necesidade de creación de solo industrial na área funcional, que podería instrumentarse, entre outras medidas, a través da axilización da posta en funcionamento dos parques empresariais que neste momento están en estudo ou en trámite na área. Neste senso é importante salientar, no que respecta ao concello de Santiago de Compostela, que a creación de solo industrial no concello é fundamental para impulsar o desenvolvemento industrial co obxectivo de acadar un maior equilibrio entre os diferentes sectores produtivos.

En relación á articulación das infraestruturas de comunicación na área funcional, o CES entende que se debería estudar a posibilidade de abrir unha conexión ferroviaria entre a comarca do Barbanza e o concello de Santiago, principalmente destinada ao transporte de mercadorías, en concreto e fundamentalmente, para comercializar a produción pesqueira. En relación ás comunicacións por estrada, é fundamental sinalar a necesidade de completar a comunicación por autovía entre Santiago e as cidades de Ourense e Lugo.

No que respecta ás infraestruturas aeroportuarias, resaltar o incremento do 16,6% no tráfico de pasaxeiros do aeroporto de Santiago de Compostela no ano 2005 en relación ao ano anterior, fronte á diminución do 22,9% no volume de mercadorías transportadas no mesmo período. ■